

[Video] [Gal/Cast] 9 accións simultáneas da CIG en Vigo dentro da Campaña polo Emprego

GZVIDEOS :: 19/10/2013

9 actos simultáneos han tenido lugar ayer 17 de octubre enmarcados en la campaña de las 100 Medidas por el Empleo organizada por la CIG

Galego A CIG de Vigo realizou este xoves 17 de outubro 9 actos simultáneos a media mañá en puntos significativos da cidade, nunha acción enmarcada na campaña das 100 Medidas polo Emprego que está a dar lugar a marchas e protestos por todo o país. As diferentes federacións levaron ás rúas as súas propias reivindicacións sectorais, realizando concentracións e despregando faixas alusivas aos diferentes conflitos. A CIG-Químicas realizou unha nutrida marcha nos arredores das instalacións de Fenosa, onde se rexeitou o encarecemento da factura da luz e se reivindicou o dereito á enerxía e maila nacionalición das eléctricas. Pola súa parte, a CIG-Banca demandou entidades financeiras públicas e galegas diante da sede de Novagalicia Banco. O telemarketing concentouse diante de Bosch en rexeitamento dos planos precarizadores e os despedimentos na empresa. PSA-Citroën foi o lugar escollido pola CIG-Servizos para realizar a protesta, demandando a readmisión das e dos despedidos de Eurest, concesionaria do comedor. A CIG-Construción elixiu as obras da nova estación de tren para denunciar a precarización e baixos salarios nas obras públicas, mentres que a a federación da administración pública protestou contra os recortes salariais diante do edificio da Xunta. A federación de saúde conseguiu sacar á rúa a numerosos traballadores/as do Hospital Xeral, concentrándose ás súas portas para rexeitar os planos privatizadores. A concentración da CIG-Ensino, que discorreu simultánea ás demais, tivo lugar diante do Instituto Santa Irene, na que se demandou a readmisión para as e os despedidos no San Xerome da Guarda. A primeira fase da campaña das 100 medidas culminará o próximo sábado 19 nunha manifestación nacional ás 12 da mañá desde a Alameda compostelá.

Castellano La CIG de Vigo realizó este jueves 17 de octubre 9 actos simultáneos a media mañana en puntos significativos de la ciudad, en una acción enmarcada en la campaña de las 100 Medidas por el Empleo que está dando lugar a marchas y protestas por todo el país. Las diferentes federaciones llevaron a las calles sus propia reivindicaciones sectoriales, realizando concentraciones y desplegando pancartas alusivas a los diferentes conflictos. La CIG-Químicas realizó una nutrida marcha en los alrededores de las instalaciones de Fenosa, donde se rechazó el encarecimiento de la factura de la luz y se reivindicó el derecho a la energía y la nacionalización de las eléctricas. A escasos metros, xusto diante do clúster da automoción, a CIG-Metal demandou salarios dignos e o fin da precariedade no sector. Por su parte, la CIG-Banca demandó entidades financieras públicas y galegas delante de la sede de Novagalicia Banco. El telemarketign se concentró delante de Bosch en rechazo de los planes precarizadores y los despidos en la empresa. PSA-Citröen fue el lugar escogido por la CIG-Servicios para realizar la protesta, demandando la readmisión de las y de los despedidos de Eurest, concesionaria del comedor. La CIG-Construcción eligió las obras de la nueva estación de tren para denunciar la precarización y bajos salarios en las obras públicas, mientras que la federación de la administración pública protestó contra los recortes salariales delante del edificio de la Xunta. La federación

de salud conseguiu sacar a la calle a numerosos trabajadores/as del Hospital Xeral, concentrándose a la puerta para rechazar los planes privatizadores. La concentración de la CIG-Educación, que discurrió simultánea a las demás, tuvo lugar delante del Instituto Santa Irene, en la que se demandó la readmisión para las y los despedidos en San Xerome de A Guarda. La primera fase de la campaña de las 100 medidas culminará el próximo sábado 19 en una manifestación nacional a las 12 de la mañana desde la Alameda Compostelana.

<https://galiza.lahaine.org/gal-cast-14>